

## COMO FACERSE SOCIO/A DA ANPA

**Cando?** Do 1 de xuño ao 15 de novembro.

**Como?** Cumprimentando a folla de inscrición de socios que podedes atopar nas secretarías dos nosos centros e no noso blog, a partir do día 1 de xuño.

Ao igual que se veu facendo ano tras ano, lembramos aos socios do curso 2013-2014, que queiran seguir con nós, a súa obriga de volver a cumprimentar a folla de inscrición de socio para este novo curso 2014-2015.

**Canto?** 10 € por familia e ano.

### Vantaxes

-Descontos nas actividades extraescolares planificadas, e en outras actividades de pago organizadas pola ANPA.

-Descontos en moitos dos establecementos comerciais de Betanzos (ver establecementos no noso blog ou na porta principal do colexio)

-Voz no consello escolar a través da ANPA.

-Asesoramento escolar.

### E ademais

-Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e fillas.

-Porque un movemento de nais e pais agrupados fai que as iniciativas e as peticións destes sexan vistos con maior respecto polas administracións.

-Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

## ASEMBLEA ORDINARIA - INICIO DE CURSO 26 de setembro ás 19:30 h.

O venres 26 de setembro, ás 19:00, en primeira convocatoria e ás 19:30, en 2ª convocatoria, váise celebrar a asemblea ordinaria de inicio de curso da ANPA Brigantium.

A asemblea está aberta a todas as nais e pais do CEIP Vales Villamarín, sexan ou non socios desta ANPA.

## XVIII Certamen FERTIBERIA Pintura Rural Infantil



20.500 € en premios

1º Premio 6.000€	2º Premio 3.000€	3º Premio 2.500€
---------------------	---------------------	---------------------

Los colegios de los 3 primeros clasificados, obtendrán un equipo multimedia valorado en 1.500€ y una ayuda de 1.500€ para el A.M.P.A. entra en [www.fertiberia.com](http://www.fertiberia.com) y descárgate las bases y las etiquetas

Como cada ano, Fertiberia convoca este concurso dirixido ao alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria.

As obras que se presenten serán en formato horizontal e de medidas Din A-4 ou Din A-3. A técnica e o estilo son libres.

A única limitación é que ten que ser en cores.

Hai cuantiosas becas de estudo como premio.

Podedes deixalos na secretaría do colexio ate o día 20 de outubro.

Máis información no blog da ANPA.

## COLE NOVO, NON AULARIO



# COLE NOVO, NON AULARIO

O CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos é un centro educativo merecedor dunha valoración positiva e cunha traxectoria de paulatina mellora nos métodos pedagóxicos e resultados obtidos. O grao de satisfacción das nais e pais e do conxunto da comunidade educativa no noso cole é elevado.

Isto é o resultado do traballo e esforzo dun equipo docente integrado por excelentes profesionais, por familias conscientes de que a súa aportación suma, por unha cidadanía en xeral que outorga á escola o valor que verdadeiramente ten. O Vales é unha boa escola grazas a unha unidade cívica inclusiva e que multiplica.

O anuncio por parte da Xunta de Galicia da licitación dun cole novo e a construción efectiva da escola de educación infantil, foi acollida con entusiasmo e confianza no futuro porque incluía na ecuación do ensino de calidade a dotación de recursos precisa.

Non obstante, este verán prodúcese un abrupto cambio de posición do goberno galego que aplica un severo recorte, reducindo o colexio novo a un simple aulario dependente do Vales. Esta transcendente decisión adóptase de costas á comunidade educativa sen estar avalado por ningún argumento de carácter pedagóxico nin educativo.

Sinxelamente é o resultado da aplicación de recortes no ensino público, sustraendo os recursos que por xustiza e sentido común lle corresponden ao ensino de Betanzos, negándolle ás nenas e nenos da nosa área educativa á asignación orzamentaria que conleva a creación do colexio novo.

Isto implica:

-A falta de solución adecuada ao problema de masificación que durante décadas levan sufrindo o alumnado de infantil e primaria e as súas familias.

-Negar a ampliación de personal docente que conleva a creación do colexio novo e a conseguinte mellora na atención educativa.

-Impedir a mellora de organización e pedagóxica que implica que a nova escola de educación infantil sexa un centro independente ao actual, e mesmo crear dificultades engadidas cun aulario a unha distancia de 400 metros nunha estrada con tráfico intenso.

O aulario supón a constatación do engano que o goberno galego pretende perpetrar á costa da calidade do ensino das nosas fillas e fillos, aplicando con falta de transparencia e aleivosía un recorte con consecuencias inmediatas e futuras, que non pasan desapercibidas á cidadanía.

Máis estupor aínda nos produce a traición executada polo Grupo Municipal do PP de Betanzos no pleno municipal ao votar en contra da creación da nova escola de educación infantil, rompendo unilateralmente e de forma irresponsable a unidade local de acción cívica e política que tan beneficiosa ven sendo na demanda cidadá do colexio novo.

Con todo, a comunidade educativa de Betanzos está implicada, e a pesar da adversidade que supón unha decisión arbitraria e inxusta, pularemos por manter os parámetros de calidade acadados sen dar pasos atrás.

Na parte que corresponde á ANPA Brigantium, redobraremos esforzos para servir de catalizadora da vontade cidadá, tentaremos abrir canles de diálogo alí onde agora só atopamos un muro refractario, seguiremos con determinación e firmeza no mesmo lugar no que sempre estivemos polo ensino público de calidade, e non pararemos ata culminar o camiño aberto polas nais e pais que nos preceden e conquistar o reto histórico das nais e pais actuais para o presente e o futuro.

Non só é xusto e necesario, se non que tamén é posible o **COLE NOVO**.

Dende o día 10 ao 19 de setembro estará aberto o prazo de matriculación nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA, e xestionadas polo club Sto. Domingo, para este curso, tal e como se reflicte na folla de inscrición que se vos enviou a través dos vosos fillos.

Se por algún motivo algún de vós non a recibira, podeades conseguila a través do noso blog ou pedindo unha copia na secretaría dos centros.

Pedirvos, simplemente, que leades con atención a parte baixa da folla onde se informa sobre o período de inscrición e o custe das actividades.

Únicamente levaráanse a cabo aquelas actividades ofertadas que teñan un número mínimo de asistentes. Polo tanto, a finais de setembro publicaremos o calendario de actividades definitivo. O calendario provisional está colgado nas portas dos colexios e no blog da ANPA.

As actividades comezarán o mércores 1 de outubro e rematarán a finais de Maio.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2014-2015

Como xa sabedes, este ano ofértase de maneira especial e extraordinaria a actividade de cálculo mental con ábaco a través da empresa Nenoos.

A folla de inscrición xa foi entregada a través dos vosos fillos. Nela tedes a información completa de horarios, idades e prezos.

Esta actividade, igual que as outras, tamén comezará o mércores 1 de outubro e rematará a finais de Maio.